

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE FACENDA E O
CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO PARA O DESENVOLVEMENTO DO
CAMPUS CIENTÍFICO TECNOLÓXICO CIDADE DO MAR E A REGULARIZACIÓN
DA SITUACIÓN ECONÓMICO PATRIMONIAL DERIVADA DO CONVENIO DO 10
DE FEBREIRO DE 2009**

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2017

REUNIDOS:

Dunha parte, don _____, conselleiro de Facenda da Xunta de Galicia, cargo que desempeña en virtude do nomeamento realizado mediante o Decreto 16/2015, do 9 de febreiro (DOG núm. 27, do 10 de febreiro), actuando en nome e representación da Administración autonómica, en exercicio das competencias atribuídas pola Lei 1/1983, do 22 de febreiro, das normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, no sucesivo a Xunta de Galicia.

Doutra parte, dona _____, en nome e representación do Consorcio da Zona Franca de Vigo, cargo que desenvolve en virtude do nomeamento realizado mediante o Real Decreto 372/2012, do 10 de febreiro (BOE núm. 36, do 11 de febreiro de 2012), actuando en nome e representación do citado organismo, no sucesivo o CZFV.

As partes, no nome e representación que exercen e con capacidade legal para este acto,

MANIFESTAN:

PRIMEIRO.- Que na data de 10 de febreiro de 2009 a Xunta de Galicia, o CZFV e o Concello de Vigo subscribiron un convenio que, de acordo co parágrafo primeiro da

súa cláusula primeira, tiña como obxecto o desenvolvemento e implantación do campus científico-tecnolóxico Cidade do Mar (en adiante, CCTM).

Para tal fin, no convenio establecéronse as bases para materializar a dispoñibilidade dos terreos e edificacións necesarios para tal implantación, que daquela eran titularidade do CZFV, emprazadas no predio onde se encontraban as antigas instalacións da Escola de Transmisións e Electrónica da Armada (ETEA) no barrio de Teis da cidade de Vigo.

SEGUNDO.- Que de acordo co previsto no citado convenio de colaboración, a Xunta de Galicia accedeu á titularidade dos terreos correspondentes ás Zonas 2, 3, 5 e 6 indicadas neste, xunto coas edificacións e instalacións existentes, no estado no que se atopaban, e coa obriga de aboar ao CZFV unha compensación por dita transmisión de 18.500.000,00 € a pagar 5.550.000 euros na sinatura do convenio e o resto (12.950.000 euros) en nove anualidades de 1.438.888,89 euros cada unha.

A entrega dos inmobles formalizaríase, logo da subscripción do convenio, tras a observancia das formalidades prescritas para tales efectos pola lexislación aplicable e o pago das cantidades pactadas.

TERCEIRO.- Que na data 16 de maio de 2008, a Consellería de Política Territorial, Obras públicas e Transportes subscribíu co CZFV un convenio de colaboración para a execución do acceso do parque empresarial Porto do Molle á autoestrada do Val Miñor (AG-57).

De acordo co previsto na cláusula terceira deste convenio, o CZFV asumiu unha obriga de cofinanciar a dita obra por importe de 3.175.558,64 €, o cincuenta por cento (50 %) do seu custo.

CUARTO.- Que na actualidade, restan por satisfacer por parte da Xunta de Galicia ao CZFV as anualidades vencidas correspondentes aos exercicios de 2009, 2010, 2011, 2012, 2013, 2014, 2015 e 2016 pactadas na cláusula cuarta do convenio de referencia, que suman un total de 11.511.111,11 €, así como as pendentes de vencer correspondente ó exercicio 2017, por importe de 1.438.888,89.

Asemade, resta por satisfacer por parte do CZFV a cantidade económica pactada no convenio citado na cláusula anterior, que suma un importe total de 3.175.558,64 €.

Mediante escrito de data 26 de xullo de 2012, este organismo lle comunicou á Axencia Galega de Infraestruturas que este importe podería ser compensado co crédito que este organismo ostenta fronte á Xunta de Galicia pola transmisión da ETEA.

QUINTO.- Á marxe das cuestións económicas pendentes que se derivan do Convenio de 10 de febreiro de 2009, expostas nos antecedentes anteriores, cómpre sinalar que a Xunta de Galicia pretende axilizar o cumprimento das finalidades perseguidas no Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar, aprobado definitivamente polo Consello da Xunta o 23 de febreiro de 2012.

Neste senso, a Xunta de Galicia, na súa condición de promotora de dito plan, fixo constar no mesmo, xa no seu primer apartado, que *“consciente do carácter estratéxico para Galicia e, por conseguinte, do interese público e utilidade social das infraestruturas, dotacións e instalacións propias do complexo científico-tecnolóxico a desenvolver, promove a materialización das iniciativas que conforman este proxecto na cidade de Vigo baixo os seguintes obxectivos:*

- A implantación do Campus Científico - Tecnolóxico promovido pola Xunta de Galicia dedicado á investigación, o desenvolvemento tecnolóxico e a innovación no ámbito mariño” (...).

SEXTO.- A Universidade de Vigo, consciente da transcendencia deste proxecto, está comprometida a non deixar escapar a oportunidade da implantación do Campus do Mar na cidade de Vigo.

Neste senso, o Reitor da Universidade de Vigo, mediante escrito de 18 de novembro de 2015 dirixido á Delegada Especial do Estado no Consorcio da Zona Franca de Vigo, puxo de manifesto a firme vontade da Universidade na incorporación desta ao proxecto xeral de desenvolvemento da ETEA.

SÉTIMO.- O Consorcio da Zona Franca de Vigo, como Axencia de desenvolvemento local da cidade de Vigo e a súa área de influencia, preséntase como un operador clave para colaborar no impulso a implantación da infraestrutura científico-tecnolóxica prevista no Plan Sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar.

No ámbito desta colaboración, está disposto a facilitar o propósito da Universidade permitindo a implantación do Campus do Mar nas zonas denominadas PS-3A "Proxecto sectorial Área Científico-Tecnolóxica 2" (cunha superficie de 4.180 m²) e PS-3B "Proxecto sectorial Área Científico-tecnolóxica 3" (cunha superficie de 14.684 m²), de acordo coas determinacións do PSOT.

OITAVO.- As zonas PS-3A e PS-3B, precisas para a implantación do Campus do Mar por parte da Universidade de Vigo, foron transmitidas á Xunta de Galicia no Convenio citado no antecedente primeiro.

Estas dúas zonas teñen, en conxunto, un valor estimado de 5.571.438,00 euros, de acordo coa taxación incluída no Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar- en adiante, PSOT – aprobado definitivamente polo Consello da Xunta de Galicia o 23 de febreiro de 2012.

O Consorcio da Zona Franca, de acordo co exposto na Estipulación anterior, está disposto a recobrala propiedade destas dúas zonas polo valor que se contempla das mesmas no Plan Sectorial, cumprindo deste xeito un dobre obxectivo:

- Permitir o desenvolvemento dos obxectivos previstos pola Universidade.
- Facilitar o pago de parte da cantidade adebedada pola Xunta de Galicia.

NOVENO.- Como consecuencia desta recuperación patrimonial, e coa firme intención de dar cumprimento ós obxectivos sinalados nos apartados precedentes en relación coa implantación do Campus Científico Tecnolóxico do Mar, neste mesmo acto formalízase un contrato de dereito de superficie entre o Consorcio da Zona Franca de Vigo e a Universidade de Vigo.

Este convenio contempla, entre outras cousas, a constitución dun dereito de superficie sobre a totalidade da parcela 3B e sobre o edificio Faraday, situado na parcela PS-3A do Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar, para que por esta última se desenvolva o citado proxecto do Campus do Mar.

Pola súa banda, o Consorcio da Zona Franca de Vigo desenvolverá, no edificio Siemens (situado na parcela PS 3A), proxectos vinculados e complementarios os científicos tecnolóxicos previstos no PSOT, tales como, a modo de exemplo, un Viveiro de Empresas ou un Centro de Evolución Gastronómica.

Por todo o exposto, as partes entenden que para axilizar o desenvolvemento do PSOT, finalidade que inspirou o convenio do 10 de febreiro de 2009, resulta preciso subscribir este Convenio que, ademáis, facilita a regularización da situación patrimonial existente entre a Xunta de Galicia e o Consorcio da Zona Franca de Vigo sobre os espazos, terreos e instalacións que engloban o campus científico-tecnolóxico Cidade do Mar, e que se reflexa nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio de colaboración ten por obxecto o desenvolvemento do convenio asinado o 10 de febreiro de 2009 e a regularización da situación económico patrimonial derivada do mesmo, afectando exclusivamente os dereitos e obrigas das partes comparecentes neste convenio, modificando a este efecto parte dos termos contidos no convenio de 2009 e permanecendo vixente o resto.

SEGUNDA.- Condiciones económicas.

Para a consecución do obxectivo deste convenio, as cantidades adebedadas pola Xunta de Galicia á CZFV a data 31 de decembro de 2016, 12.950.000 euros, compénsanse, en primeiro término, cos 3.175.558,64 euros da contía adebedada polo CZFV á Xunta de Galicia identificada no Antedecende Terceiro.

A cantidade restante (9.774.441,36 euros), máis os intereses xerados por esta (1.498.236,11 euros), aboáanse da seguinte maneira:

- En primeiro lugar, coa adquisición polo CZFV dos terreos, edificacións e instalacións comprendidas nas zonas PS-3A e PS-3B do PSOT ao CZFV (5.571.438 euros), reflectidas nos planos que se achegan coma anexo I.
- En segundo lugar, co pago pola Xunta de Galicia 5.701.239,47 euros

O pago desta cantidade fraccionarase en oito anualidades que deberán ser abonadas, as sete primeiras, antes do 31 de decembro de cada ano, e a última antes do día equivalente ó da sinatura do presente Convenio da anualidade 2024.

Os pagos faranse consonte a distribución anual seguinte:

Anualidade	Importe (€)
2017	712.654,94
2018	712.654,94
2019	712.654,94
2020	712.654,94
2021	712.654,94
2022	712.654,94
2023	712.654,94
2024	712.654,89
Total	5.701.239,47

A estas cantidades aplicarase o xuro anual de euribor + 0,5 en concepto de aprazamento, referenciado ao euribor a 12 meses (neste senso, o euribor aplicable para cada exercicio será o correspondente ao 31 de decembro do ano anterior).

Estes xuros liquidaránse anualmente e serán pagaderos o 31 de decembro de cada ano. Se para algún ano o tipo de xuro resultante fose negativo, non se aplicarán xuros nese ano.

As cantidades financiaranse pola Comunidade Autónoma con cargo a aplicación 23.01.621A.608.0

A través do presente convenio, o CZFV dá por regularizadas as obrigas económicas asumidas para con el pola Xunta de Galicia no Convenio de 10 de febreiro de 2009.

TERCEIRA.- Destino dos bens adquiridos polo CZFV

Sen prexuízo da súa regularización patrimonial prevista na cláusula anterior, os terreos, edificacións e instalacións comprendidas nas zonas PS-3A e PS-3B obxecto de adquisición polo CZFV quedan vinculados ás disposicións contidas no Plan sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar nos terreos da ETEA en Vigo, aprobado mediante Acordo do consello da Xunta de Galicia de 23 de febreiro de 2012, así como no/s proxecto/s sectoriais que se aproben como desenvolvemento daquel.

CUARTA.- Compromisos da Xunta de Galicia

Para que os proxectos previstos nas Estipulacións anteriores poidan levarse a cabo, a Xunta de Galicia, como promotor do Plan Sectorial de ordenación territorial do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar asume os seguintes compromisos:

- Tramitar e aprobar, se o contido do documento que redacte se axusta a normativa de aplicación, o proxecto ou proxectos sectoriais das zonas PS 3A e PS 3B das recollidas no Plan Sectorial da ETEA.
- Colaborar con desenvolvemento da Zona PS 3B
- Impulsar, tramitar e aprobar o proxecto sectorial das zonas PS 1 e PS 4 do Plan Sectorial da ETEA
- Executar os obras de urbanización da Zona PS 1 e garantir os servizos urbanísticos ao pé das parcelas PS 3A e PS 3B, que deberán estar operativos para que o Campus do Mar poida ser inaugurado
- Sempre que fose técnica e legalmente procedente, tentarase a incorporación nun so proxecto sectorial das actuacións previstas nos apartados anteriores.

QUINTA.- Comisión de seguimento

Constituirase unha comisión de seguimento que, integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes deste convenio, terán atribuídas, entre outras, as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento do presente convenio naqueles aspectos xurídicos, técnicos e/ou económicos obxecto deste, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Propoñer a interpretación, en caso de dúbida, do contido do presente convenio.
- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Dentro dos dez días seguintes á firma do presente Convenio de Colaboración as partes designarán os seus respectivos representantes.

A comisión reunirase as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do presente convenio.

En todo o non especificamente previsto sobre o funcionamento desta Comisión, serán de aplicación as normas sobre órganos colexiados previstas na sección terceira do capítulo I do título I da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Os incumprimentos das partes dos compromisos reflectidos nos acordos deste documento serán sometidos á consideración da Comisión de Seguimento. Os acordos adoptados por ésta na resolución dos posibles discrepancias adotaránse por maioría dos seus membros.

SEXTA.- Natureza xurídica e xurisdición

Este convenio de colaboración ten natureza patrimonial e considérase incluído no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto Refundido da Lei de contratos do sector público, polo que queda fóra do seu ámbito de aplicación.

Este Convenio de colaboración rexerese polas súas propias cláusulas e supletoriamente, polas normas xerais do dereito administrativo.

De conformidade co previsto na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Régimen Jurídico del Sector Público, na Lei 33/2003 de patrimonio das administracións públicas e na Lei 5/2011 de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia o presente convenio terá carácter executivo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación deberán substanciarse perante a orde xurisdicional contencioso-administrativa, sen prexuízo do que corresponda á xurisdición ordinaria de conformidade co previsto na normativa patrimonial.

SÉTIMA. Vixencia do Convenio.

O presente Convenio de Colaboración ten un prazo de vixencia de 4 anos a contar dende o día da súa sinatura, dándose por prorrogado o seu vencemento, salvo denuncia expresa da Xunta de Galicia, por unha prazo de 4 anos.

A denuncia do presente Convenio pola Xunta de Galicia en calquera momento do prazo inicial, ou ben do prazo prorrogado de 4 anos, implicará que as anualidades que estivesen pendentes de pago a data da denuncia, de acordo co calendario de

pagos fixado na Estipluación Segunda, máis os xuros devengados, deberán facerse efectivas no mesmo día no que a denuncia do Convenio despegue os seus efectos.

OITAVA. Resolución do Convenio.

O presente Convenio poderá extinguirse polas causas legalmente previstas. En especial, serán causas de resolución do presente Convenio de Colaboración as seguintes:

- a. A denuncia prevista na cláusula sétima que será comunicada á outra parte cunha antelación mínima de tres meses á data na que se pretende que teña eficacia.
- b. O mutuo acordo entre as partes
- c. Por incumprimento acreditado de calquera das partes das obrigas asumidas nas cláusulas deste convenio.

En proba de conformidade asinan o presente convenio, por triplicado exemplar no lugar e data arriba indicado.

O Conselleiro de Facenda

A Delegada Especial do Estado no
Consorcio da Zona Franca de Vigo